



## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**

**1. Segundo a Lei Xeral de Sanidade, cal das seguintes afirmacións é correcta?:**

- A) A autorización dos medicamentos e demais produtos sanitarios será temporal e, esgotada a súa vixencia, deberá revalidarse. O titular deberá notificar anualmente a súa intención de mantelos no mercado para que non se extinga a autorización.
- B) Os ingresos procedentes da asistencia sanitaria nos supostos de seguros obrigatorios especiais e en todos aqueles supostos, asegurados ou non, en que apareza un terceiro obrigado ao pago, terán a condición de ingresos propios do Servizo de Saúde correspondente. Os gastos inherentes á prestación de tales servizos non se financiarán cos ingresos da Seguridade Social. En ningún caso estes ingresos poderán reverter naqueles que interviron na atención a estes pacientes.
- C) Non poderán ser vinculados os hospitais do sector privado no Sistema Nacional de Saúde, cando nalgún dos seus propietarios o nalgún dos seus traballadores concorran as circunstancias que sobre incompatibilidades do sector público e o privado estableza a lexislación sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- D) Todas as opcións anteriores son correctas.

**2. De cantos artigos se compón a Constitución Española de 1978?**

- A) 169.
- B) 166.
- C) 156.
- D) 180.

**3. Segundo o Estatuto de Autonomía de Galicia, cal das seguintes afirmacións é correcta?:**

- A) A Xunta de Galicia está composta polo Presidente, Vicepresidente ou Vicepresidentes no seu caso, os Conselleiros e Altos Cargos.
- B) Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos os cidadáns galegos teñen o deber de coñecerlos.
- C) A bandeira de Galicia é branca cunha banda diagonal de cor azul que a atravesa dende o ángulo superior dereito ata o inferior esquerdo.
- D) Ningunha das opcións anteriores é correcta.

**4. Segundo a Lei galega 3/2001, de 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, cal das seguintes opcións é correcta?:**

- A) A presente Lei será de aplicación a todo tipo de asistencia sanitaria que se preste na comunidade autónoma de Galicia só nos centros e establecementos sanitarios públicos ou privados concertados co Servizo Galego de Saúde.
- B) A presente Lei será de aplicación a todo tipo de asistencia sanitaria que se preste na comunidade autónoma de Galicia só nos centros e establecementos sanitarios públicos do Servizo Galego de Saúde.
- C) A declaración de instrucións previas deberá formalizarse mediante algún dos procedementos seguintes: ante notario ou ante dúas testemuñas maiores de idade e con plena capacidade de obrar, dos cales un, como mínimo, non poderán ter relación de parentesco ata o segundo grao nin estar vinculados por relación patrimonial co outorgante.
- D) Todas as anteriores son falsas.

5. Segundo a Lei de prevención de riscos laborais, os Delegados de Prevención serán designados por e entre os representantes do persoal. En caso de empresas de 101 a 500 traballadores, que número de delegados será designado?:

- A) 10 Delegados de Prevención.
- B) 20 Delegados de Prevención.
- C) 36 Delegados de Prevención.
- D) Ningunha das opcións anteriores é correcta.

6. Segundo o disposto polo Decreto 206/2005, sobre os requisitos para a provisión de postos de xefatura e coordinación de persoal diplomado sanitario, cal é a opción verdadeira?:

- A) Os aspirantes deberán acreditar un mínimo de tres anos de experiencia, na categoría ou especialidade esixible para o acceso ao posto, nas institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde.
- B) Os aspirantes deberán acreditar un mínimo de dous anos de experiencia, na categoría ou especialidade esixible para o acceso ao posto, nas institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde.
- C) Os postos de xefatura das unidades ou servizos de atención primaria serán cubertos en todo caso por un profesional adscrito aos mesmos.
- D) Ningunha das anteriores é correcta.

7. Segundo o Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, que situación administrativa das seguintes dá dereito ao cómputo de tempo a efectos de antigüidade e carreira, no seu caso, á percepción de trienios e á reserva da praza de orixe?

- A) Servizos especiais.
- B) Servizos baixo outro réxime xurídico.
- C) Excedencia por prestar servizos no sector público.
- D) Todas as anteriores son correctas.

8. Cal das seguintes opcións de dereitos se configuran na sección de dereitos fundamentais da Constitución Española de 1978?:

- A) O dereito á protección da saúde.
- B) O dereito á honra e á intimidade.
- C) O dereito a unha vivenda digna e adecuada.
- D) Todas as opcións anteriores son verdadeiras.

9. Segundo a lei de Saúde de Galicia, cal das seguintes é a opción correcta sobre o Servizo Galego de Saúde?:

- A) Será o seu presidente ou a súa presidenta do Servizo Galego de Saúde o presidente ou presidenta da Xunta de Galicia.
- B) O Servizo Galego de Saúde disporá dun consello de dirección que será presidido pola persoa que ostente a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade.
- C) Terá os órganos directivos que por lei do Parlamento de Galicia se determinen.
- D) O ámbito xeográfico de cada distrito sanitario establecerase no correspondente mapa sanitario, que será aprobado por decreto do Consello da Xunta.

**10. Con respecto á regulación da xornada de traballo no Estatuto Marco, cal das seguintes afirmacións é correcta?:**

- A) A duración máxima conxunta dos tempos de traballo correspondentes á xornada complementaria e á xornada ordinaria será de 48 horas semanais de traballo efectivo de media en cómputo semestral, agás que mediante acordo, pacto ou convenio colectivo se estableza outro cómputo.
- B) Non serán tomados en consideración para a indicada duración máxima os períodos de localización, agás que o interesado sexa requirido para a prestación dun traballo ou servizo efectivo, caso no que se computará como xornada tanto a duración do traballo efectuado como os tempos de desprazamento.
- C) A xornada complementaria non terá en ningún caso a condición nin o tratamento establecido para as horas extraordinarias.
- D) Todas as opcións anteriores son correctas.

#### Preguntas de reserva

**1. Segundo o Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, cal das seguintes afirmacións é correcta?**

- A) Ao persoal estatutario temporal seralle aplicable, en todo caso, o réxime xeral do persoal estatutario fixo.
- B) O importe anual do complemento de destino aboarase en 12 pagas.
- C) Si se realizaran máis de dous nomeamentos eventuais para a prestación dos mesmos servizos por un período acumulado de 18 ou máis meses nun período de dous anos, procederá o estudo das causas que o motivaron, para valorar, no seu caso, se procede a creación dunha praza estrutural no cadro de persoal do centro.
- D) Ningunha das opcións anteriores é verdadeira.

**2. De acordo coa lei de Saúde de Galicia, dentro das súas respectivas competencias, teñen a condición de autoridade sanitaria:**

- A) Só o Consello da Xunta de Galicia e a persoa titular da consellaría con competencias en sanidade.
- B) Só o Presidente da Xunta de Galicia e a persoa titular da consellaría con competencias en sanidade.
- C) Só o Consello da Xunta de Galicia, a persoa titular da consellaría con competencias en sanidade e os alcaldes e alcaldesas.
- D) Ningunha das opcións anteriores é correcta.